

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO. (EXPTÉ REF. 2-2016).

Sendo as 13:00 horas do día 06 de outubro de 2016, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do Servizo de Contratación, Fomento e Patrimonio e actuando como vocais:

- dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.
- dona Ana Tabarés Martínez, técnico do servizo de Contratación, actuando como Secretaria.
- don Marcial Rodriguez Toajas, Interventor do Concello.
- don Manuel Regueiro Sánchez, Xefe dos servizos técnicos de Parques e Xardíns do Concello.

Asisten tamén o acto don José Antonio Armesto, en representación da mercantil LAPPSETT ESPAÑA VR S.L e don José Carlos Díaz, en representación da mercantil FERROVIAL SERVICIOS S.A.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria a dar lectura do informe técnico emitidos polo xefe dos servizos técnicos de parques e xardíns do Concello (valoración das proposicións en relación cos criterios non avaliados automaticamente) con data do 29 de setembro de 2016, do que resultan as seguintes puntuacións:

Empresa	Apartado (a)	Apartado (b)	Puntuación Total
-LAPPSET ESPAÑA V.R.,S.L.	4	1,28	5,28
-EULEN S.A.	1,20	1,33	2,53
-CALFENSA PROYECTOS S.L.	4	3	7
-OHL SERVICIOS INGESAN S.A.	1,20	0,36	1,56
-FERROVIAL SERVICIOS S.A.	1,20	0,38	1,58



A continuación procedese á apertura dos sobre C (oferta económica suxeita a criterios avaliados automaticamente) das mercantís admitidas á licitación, co seguinte resultado:

- CALFENSA PROYECTOS S.L:

* prezo para a primeira anualidade para os traballos de mantemento e conservación integral de 57.360,00 € polo que sumado o IVE (21%) de 12.045,60 euros resulta un total de 69.405,60 euros IVE incluído.

* baixa respecto ós prezos unitarios indicados no apartado 4 do prego de prescricións técnicas do: 15%

- FERROVIAL SERVICIOS S.A:

* prezo para a primeira anualidade para os traballos de mantemento e conservación integral de 47.417,35€ polo que sumado o IVE (21%) de 9.957,64 euros resulta un total de 57.374,99 euros IVE incluído.

* baixa respecto ós prezos unitarios indicados no apartado 4 do prego de prescricións técnicas do:25%

Observacións: Esta oferta é considerada anormal ou desproporcionada en aplicación do establecido na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares.

- LAPPSETT ESPAÑA VR S.L:

* prezo para a primeira anualidade para os traballos de mantemento e conservación integral de 55.599,17 € polo que sumado o IVE (21%) de 11.675,83 euros resulta un total de 67.274,00 euros IVE incluído.

* baixa respecto ós prezos unitarios indicados no apartado 4 do prego de prescricións técnicas do: 25%

- OHL SERVICIOS INGESAN S.A:

* prezo para a primeira anualidade para os traballos de mantemento e conservación integral de 77.908,83 € polo que sumado o IVE (21%) de 16.360,85 euros resulta un total de 94.269,68 euros IVE incluído.

* baixa respecto ós prezos unitarios indicados no apartado 4 do prego de prescricións técnicas do:10%

Observacións: Esta oferta o importe é maior ao o prezo de licitación

- EULEN S.A:

* prezo para a primeira anualidade para os traballos de mantemento e conservación integral de 59.708,00 € polo que sumado o IVE (21%) de 12.538,68 euros resulta un total de 72.246,68 euros IVE incluído.

* baixa respecto ós prezos unitarios indicados no apartado 4 do prego de prescricións técnicas do: 16,50%

A vista do cal os membros da mesa acordan:

1º.- Excluir da licitación á mercantil OHL SERVICIOS INGESAN S.A por presentar unha oferta cun importe maior ao o prezo de licitación.

2º.- Concederlle un trámite de audiencia á mercantil FERROVIAL SERVICIOS S.A por un prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, para que xustifique a valoración da súa oferta económica e precise os términos da mesma, xa que foi considerada anormal ou desproporcionada en aplicación do establecido na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares.

A continuación proceden a elaborar os cadro das de valoracións das ofertas, incluídas no sobre C) e o cadro de puntuacións finais obtidas polas mercantís admitidas á licitación tendo en conta os criterios de avaliación recollidos na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativa que rexiu a licitación de referencia (criterios non avaliábles automaticamente e criterios avaliábles automaticamente) quedando como seguen:

Cadro valoración ofertas incluídas no sobre C)

EMPRESA	OFERTA ECO.	PORCENTAXE	TOTAL
CALFENSA PROYECTOS S.L.	1,58706	1,80000	3,38706
FERROVIAL SERVICIOS S.A.	5,00000	3,00000	8,00000
LAPPSETT ESPAÑA VR S.L.	2,19177	3,00000	5,19177
EULEN S.A.	0,78108	1,98000	2,76108

Cadro puntuais finais:

EMPRESA	CRIT.AUTOMATIC.	C.NO AUTOMATIC.	TOTAL
CALFENSA PROYECTOS S.L.	3,38706	7,00000	10,38706
FERROVIAL SERVICIOS S.A.	8,00000	1,58000	9,58000
LAPPSETT ESPAÑA VR S.L.	5,19177	5,28000	10,47177
EULEN S.A.	2,76108	2,53000	5,29108

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas, no lugar enriba sinalado acordando a continuación do procedemento unha vez rematado o prazo do trámite de audiencia concedido á mercantil FERROVIAL SERVICIOS S.A.

O PRESIDENTE

Asdo: Xosé Manuel Cao Rei

A SECRETARIA

Asdo: Ana Tabarés Martínez